



Concello de Mugardos

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS TIPO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL VINCULADAS A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO. PRAZAS DE OFICIAL DE SEGUNDA ALBANEL (PROGRAMA PEL – CONCELLOS 2026)

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 2026 – 0378, de data 01.04.2026, prestouse aprobación ás bases específicas reguladoras tipo de contratación laboral temporal vinculadas aos programas de activación para o emprego. Praza de Oficial de segunda albanel (Programa Pel – Concellos 2026) do Concello de Mugardos. O texto íntegro das citadas bases é o que sigue:

“ BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS TIPO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL VINCULADAS A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO. PRAZAS DE OFICIAL DE SEGUNDA ALBANEL (PROGRAMA PEL – CONCELLOS 2026)

BASE 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

1.1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a cobertura temporal mediante o sistema de concurso – oposición, de dúas (2) prazas de oficial de segunda albanel, persoal laboral temporal, do Concello de Mugardos vinculada ao Programa Pel – Concellos 2026 aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, convocatoria 2026 mediante Resolución da presidencia da Deputación Provincial da Coruña aprobáronse as bases reguladoras do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL – CONCELLOS 2026), publicado no BOP núm. 197 do 15/10/2025.

1.2.- Características.

As actuacións de mellora da empregabilidade e inserción laboral corresponden a dúas prazas de oficiais de segunda albaneis

GRUPO CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	NÚMERO DE PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIBLE
IV	OFICIAL 2ª ALBANEL	2	GRADUADO ESCOLAR , ESO OU EQUIVALENTE

A retribución bruta mensual a percibir será de 1.955,32 euros, correspondente á xornada





Concello de Mugardos

completa (37,5 horas semanais), por tódolos conceptos salariais, excluídos os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato.

1.3.- Funcións

Segundo a Resolución da Deputación Provincial de A Coruña publicada no BOP núm. 197 de data 15.10.2025 pola que se aproba a concesión de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais, o concello de Mugardos colaborará co obxecto e finalidade descrito na Base específica segunda, a través dos servizos mínimos municipais, coa categoría peón que desenvolverá as seguintes tarefas segundo a Memoria que obra no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 2107/2025, baixo a supervisión da persoa empregada pública encargada da supervisión do programa:

Realizar accións tendentes á preservación, conservación e mantemento dos servizos mínimos municipais e así acadar unha mellora do entorno local

- Servizos de limpeza e mantemento viario:
 - o Varredura manual e / ou mecánica de rúas, prazas e beirarrúas
 - o Recollida de residuos sólidos urbanos, papeleiras e restos vexetais
 - o Limpeza de sumidoiros, fontes, mobiliario urbano
 - o Mantemento básico de beirarrúas e outros elementos viarios
 - o Apoio en pequenas reparacións e tarefas de conservación do viario público

- Mantemento de parques públicos:
 - o Limpeza das zonas de xogo e áreas de descanso
 - o Revisión, reparación e mantemento do mobiliario urbano
 - o Coidado do céspede, plantas e árbores

Para tal efecto utilizará as técnicas e os medios manuais e mecánicos axeitados, respectando as normativas vixentes sobre seguridade e hixiene, protección do usuario e do medio ambiente

BASE 2. NORMAS XERAIS

A convocatoria das prazas se rexerán polas presentes bases, e no non previsto nestas Bases Específicas estarase ao disposto na normativa legal de aplicación e nas Bases Xerais polas que se rexerán as convocatorias incluídas no Programa Pel – Concellos 2025 do Concello de Mugardos.

BASE 3. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso – oposición, de conformidade coas puntuacións e méritos que se especifican nas Bases xerais.





Concello de Mugardos

BASE 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito – menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas, así como os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumprido a lo menos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias, o título de Graduado escolar, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación

d) Non padecer enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo (certificado médico acreditativo expedido por un facultativo competente)

e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbo sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.





Concello de Mugardos

f) As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo, de conformidade coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 146 do 30 de xullo e DOG núm. 34 do 19 de febreiro, respectivamente):

Certificado de Lingua Galega 2 (CELGA 2) ou título equivalente debidamente homologado

En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.

g) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatibles coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

h) Deberán estar en situación de desemprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral aos que se refire a base específica 3.2 das bases que regulan as subvencións para o Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL- Concellos 2026:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.





Concello de Mugardos

- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- Persoas vítimas de violencia de xénero
- Persoas sen fogar

i) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugardos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa Base xeral 6.

Documentación que deberán presentar xunto coa solicitude:

- Copia do DNI ou NIE
- Copia do título de Graduado escolar, ESO ou equivalente
- xustificante bancario do abono de taxas de dereito ao exame ou documentación que acredite estar exento do pago
- Certificado do Servizo Público de Emprego acreditando a situación de desemprego e o tempo que leva en desemprego, actualizado á data de presentación da solicitude
- Informe da vida laboral actualizado á data de presentación de solicitude.
- Certificado de Lingua Galega 2 (CELGA 2) ou título equivalente debidamente homologado
- Certificado médico acreditando que non padece enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo, actualizado á data de presentación de solicitudes.
- Documentación acreditativa para a fase do concurso, se é o caso
- Documentación acreditativa da situación ou situacións de exclusión de cada traballador/a:

Mulleres	Fotocopia do DNI
Persoas maiores de 45 anos	
Persoas menores de 30 anos	
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33% expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria
Persoas desempregadas de longa duración (que leven	Informe de vida laboral actualizado e certificado do

Cod. Validación: 5WPE43Z4ZC6C9JKYFRDXZGKM
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6





Concello de Mugardos

1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Servizo Público de Emprego no que se recollan os períodos de inscrición como demandantes de emprego
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos servizos sociais municipais
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas con fogar no que ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas sen fogar	
Persoas vítimas de violencia de xénero	

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1.- Pavimentos en vías públicas, tipos de pavimentos, materiais, sistemas construtivos máis empregados. Encintados e pavimentos. Clases e colocación. Usos e mantemento.

Tema 2.- Replanteos. Aparellos, ferramentas e material para replanteos: ferramentas manuais de medida; medios auxiliares: balices, padiolas, plomada, escuadra, fíos. Trazado de aliñacións. Trazado de paralelas e perpendiculares. interpretación de planos: Escalas. Cotas.

Tema 3.- Cimentacións. Tipos de cimentacións. Terreos e acondicionamento de terreos. Escavacións e baleirados. Hormigonado en tempo frío e tempo caloroso.

Tema 4.- Estruturas de formigón e metálicas. Forxados: Tipos e características. Forxados reticulares. Vantaxes. Prefabricados: Viguetas e bovedillas: tipos, colocación e hormigonado. Hormigonado en tempo frío e tempo caloroso.

Tema 5. Prevención de Riscos Laborais. Condicións e normas de seguridade de carácter xeral. Riscos específicos vinculados ao posto e a súa prevención”

